



Concello de Outes

Concello de Outes

**Concello de Outes**

**Punto de Atención á Infancia**

**Avda San Campio, 34-15230 Serra de Outes**

**Tfno: 699.672.015-981.850.053**

## **PROXECTO EDUCATIVO**

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.





Concello de Outes

## Concello de Outes

### ÍNDICE

#### 1 DATOS IDENTIFICATIVOS

- I Denominación do centro
- II Titularidade
- III Tipo de xestión
- IV Enderezo
- V Teléfono
- VI Enderezo electrónico
- VII Horario

#### 2 CONTEXTUALIZACIÓN

- I Situación e contorna do centro
- II Características do alumnado e das súas familias

#### 3 TIPOLOXÍA DA ESCOLA

- I Tipo de centro e instalacóns
- II Niveis educativos
- III Número de prazas
- IV Recursos humanos
- V Calendario e horario de apertura
- VI Servizos

#### 4 SINAIS DE IDENTIDADE

- I Principios
- II Fins
- III Obxectivos
- IV Principios metodolóxicos
- V Atención á diversidade

#### 5 ACTIVIDADES

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.





Concello de Outes

## Concello de Outes

O Proxecto Educativo constitúe un documento de carácter programático que expresa as intencións da Comunidade Educativa respecto dos principios educativos, dos obxectivos e da organización da Escola que inspiran a elaboración dos demais proxectos e vertebran a xestión participativa do centro. Cada escola infantil ten unha marxe de autonomía que lle permitirá ir creando un estilo propio e uns sinais de identidade que a farán en certa medida orixinal na busca coherente e racional dos obxectivos que a sociedade e o propio centro se marcan.

- **DATOS IDENTIFICATIVOS**

- **DENOMINACIÓN DO CENTRO:** Punto de Atención á Infancia de Outes
- **TITULARIDADE:** Concello de Outes
- **TIPO DE XESTIÓN:** Directa
- **ENDEREZO:** Avenida San Campio nº 34, baixo, 15230, Outes
- **TELÉFONO:** 981850053- 699672015
- **ENDEREZO ELECTRÓNICO:** [puntoatención.ainfancia@outes.gal](mailto:puntoatención.ainfancia@outes.gal)
- **HORARIO:** de luns a venres de 8:00 a 19:00 horas

- **CONTEXUTALIZACIÓN**

- **SITUACIÓN E CONTORNA DO CENTRO**

O Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes atópase situado na Avenida de San Campio nº36, baixo, na capital do Concello.

Trátase dun concello que se atopa na costa oriental da provincia da Coruña. Linda con Noia ao sur, Negreira ao este, Mazaricos ao norte e Muros ao oeste e divídese en dez parroquias. Posúe unha

---

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.






Concello de Outes

## Concello de Outes

poboación de pouco máis de 6.000 habitantes cun amplio número de núcleos de poboación (máis de 150) e moi dispersos entre si, dispostos nos case 100 km<sup>2</sup> de extensión, e concentrándose a poboación no litoral, nos núcleos próximos á costa.



Imaxe1 - Mapa

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandaría, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O sector pesqueiro concéntrase maioritariamente no porto do Freixo, así na producción industrial destacan tres sectores: serradoiros, estaleiros e a construcción.

O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construcción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.





Concello de Outes

## Concello de Outes

En canto a infraestruturas, servizos sociais e culturais existentes o municipio de Outes conta con: servizos sociais de atención primaria (con programas de prestación, información e orientación, prestación de apoio á unidade de convivencia, actuacións específicas de prevención e inserción, axudas económicas individualizadas), Punto de Atención á Infancia, centro de saúde, un CEIP, un IES, casa da cultura, pavillóns polideportivos, piscina municipal, centro social, centro de información á muller, xulgado de paz, cuartel da garda civil, policía municipal, etc.

### CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E DAS SÚAS FAMILIAS

O alumnado do P.A.I. conforma un grupo moi heteroxéneo debido ás idades dos seus usuarios, polo tanto presentan moitas diferenzas entre eles. Dende o centro debe atenderse a dita individualidade, adaptándose ás necesidades de cada un dos usuarios.

O contexto no que vive o alumnado é, nunha alta porcentaxe, de galegofalantes, aínda que cómpre salientar un sector reducido de castelanfalantes residentes na súa maioría na Serra de Outes. Polo tanto, a lingua usada habitualmente no centro é o galego por ser a maioritaria tal e como establece o Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 13. Así, tamén especifica que se fará un achegamento á segunda lingua oficial de Galicia coidando que o neno adquira de forma oral e escrita o coñecemento de ámbalas dúas linguas, dentro dos límites propios desta etapa.

### Período de adaptación:

Cando o neno/a se incorpora ao centro, sofre unha separación importante da súa familia, "rompe" o lazo afectivo coa figura de apego e orixínase por tanto un conflito. A forma en como se solucione este conflito e o tempo que se emprega para que o neno/a asimile felizmente a ruptura deste lazo é o que chamamos período de adaptación.



Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



## Concello de Outes

Desde o punto de vista pedagóxico, este momento adquiere grande importancia, xa que a súa actitude ante a escola, ante as relacións sociais e ante os aprendizaxes ó longo de toda a escolarización vai a depender de como asimile este proceso, positiva ou negativamente.

É responsabilidade convxunta de familias e educadoras organizar un adecuado período de adaptación para que estes primeiros tempos de escolarización sexan assumidos polas crianzas sen traumas.

O Punto de Atención á Infancia de Outes deberá facer cumplir o período de adaptación, tal e como se recolle no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, independentemente do momento da incorporación dos menores á escola, sendo o proceso o seguinte:

- A organización do tempo dos nenos/as de 3 meses a 3 anos deberá ser flexible para adecuarse ós seus ritmos de actividade e descanso. Non obstante, considerarase que os nenos/as deberán acudir ao centro nun horario fixo, nos momentos de entretemento e lecer e a comezos de semana, cunha estancia non superior a 30 minutos. Na seguinte semana o neno/a permanecerá no centro 1 hora cada día, de modo que cada semana se vaia aumentando en 30 minutos, ata que o neno/a estea adaptado por completo.
- O proceso de adaptación poderase ver alterado por calquera circunstancia persoal que as educadoras consideren necesario en función das características persoais de cada neno ou nena.
- Se o neno/a se ausentase do centro despois de longos períodos de tempo volverase a realizar o período de adaptación.
- No caso de que calquera dos anteditos aspectos non sexan cumpridos, tal e como neste documento aparecen recollidos, non se admitirán as crianzas no centro.





## Concello de Outes

### • TIPOLOXÍA DA ESCOLA

#### I TIPO DE CENTRO E INSTALACIÓNS

Trátase dun Punto de Atención á Infancia. Podemos definir os Puntos de Atención a Infancia como aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar una atención de apoio aos pais, nais, titores/as ou gardadores/as dos nenos e nenas de entre 3 meses aos 3 anos (artigo 28 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia). O centro reúne todas as características esixidas polo anterior decreto citado.

No centro pódense diferenciar as seguintes zonas:

- Recibidor
- Aula, que conta con:
  - Zona de gateo
  - Recanto das merendas
  - Recanto da asemblea
  - Espazo de xogo.
- Zona de descanso
- Baño dos nenos e nenas
- Baño das educadoras/es
- Despacho
- Cociña e zona de almacenaxe
- Patio

#### II NIVEIS EDUCATIVOS

Dito centro atende a nenas e nenos do 1º ciclo de Educación Infantil. A idade mínima de novo ingreso establecese nos 3 meses na data de ingreso, agás aquelas situación excepcionais que deberán

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.





## Concello de Outes

estar acompañadas dos informes de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Outes. A idade máxima será de 3 anos e poderán permanecer no P.A.I. aqueles menores que non teñan cumplidos os 3 anos o 31 de decembro do ano anterior ao que se presenta a solicitude. Poderán eximirse do límite aos nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo susceptibles de integración, logo do ditame conxunto da dirección e do organismo competente do Concello.

### III NÚMERO DE PRAZAS

Conta con un total de 20 prazas autorizadas nunha unidade de 0 a 3 para cada quenda, proporción establecida no Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

### IV RECURSOS HUMANOS

A relación adulto-neno/a será como máximo 1/20. En todo caso sempre deberá contar cunha persoa auxiliar ademais do persoal que atenda ao grupo. Neste caso, nos horarios de maior afluencia sendo estes de 9:30 a 12:30 horas, as persoas que desempeña as súas funcións son 3.

Na actualidade o persoal educativo contratado consta de:

- 2 persoas que exercen a función de persoal de atención educativa.
- 2 persoas que exercen a función de persoal de apoio.

O centro tamén conta con persoal diario de limpeza. Trátase dunha persoa que acode 3 veces ao día e que leva a cabo labores de limpeza e desinfección diárias.

### V CALENDARIO E HORARIO DE APERTURA

Tal e como se recolle no Regulamento de Régime Interno do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes no seu artigo 17, o horario de apertura é de luns a venres de 8:00 a 19:00 horas, de





Concello de Outes

## Concello de Outes

xeito ininterrompido excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e aqueles que así o determine dita resolución.

### VI SERVIZOS

Atendendo ao regulamento de réxime interno o Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes conta cos seguintes servizos:

- ⌚ Servizo de atención educativa: encamiñada a perseguir os obxectivos de etapa, de ciclo e de curso, así como unha axeitada hixiene persoal e alimentación.
- ⌚ Servizo de cociña: prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os propios usuarios. As familias asinarán autorización para a administración dos alimentos e compromiso de achegalos en perfecto estado de conservación e envasado.

### • **SINAIS DE IDENTIDADE**

#### I PRINCIPIOS

Os principios básicos que fundamentan o P.A.I. buscan que a escola sexa:

- Participativa: implicando a todo o persoal, familias e entidades do concello.
- Práctica: atendendo ao medio que o rodea, e buscando aprendizaxes para a vida diaria.
- Respectuosa: baseada nos valores recollidos no artigo 3 do Decreto 330/2009 do 4 de xuño, destacando a solidariedade, respecto, non discriminación por razón de sexo, raza, relixión, igualdade de oportunidades....
- Integral: tentando desenvolver todas as capacidades de cada nena e neno.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.





## Concello de Outes

- Liberdade: Onde as ideas poidan expoñerse e ser escoitadas coa garantía total do respecto ás persoas que as expresen, onde se entenda que o límite das nosas actuacións vén marcado pola fronteira dos dereitos e liberdades dos demais e onde se introduza ao alumnado nos criterios democráticos que implica ao bo funcionamento da sociedade na que vivimos.

### II FINS

Atendendo ao artigo 3 do Decreto 330/ 2009 do 4 de xuño, anteriormente citado, a finalidade da educación infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, intelectual e social dos nenos e nenas.

Na educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións de comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así coma ao descubrimento das características físicas e sociais do medio.

Ademais facilitarase que os nenos elaboren unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e que adquiran unha autonomía persoal.

Cabe tamén destacar a importancia da transmisión de valores tanto de forma intrínseca como extrínseca que favorezan a liberdade persoal, responsabilidade, a cidadanía democrática, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a resolución pacífica de conflitos, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

O P.A.I. deberá promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os nenos e nenas. Será o cerne de todas as actividades que se desenvolvan e reflectirase nas actividades, no material e no comportamento habitual do persoal.





## Concello de Outes

### III OBXECTIVOS

O Punto de Atención á Infancia cumple unha dobre función: asistencial e educativa. Ofrece aos seus usuarios/as unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, dirixida ao desenvolvemento harmónico e integral dos menores e á compensación de desigualdades sociais, económicas e culturais, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia. Os seus obxectivos xerais son:

- Cubrir a necesidade sociofamiliar de atención, coidado e protección das crianças durante o tempo de ausencia dos proxenitores.
- Fomentar actividades encamiñadas a promover o desenvolvemento persoal dos nenos/as.
- Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos proxenitores.
- Promover a relación social e o encontro entre nenos e nenas dos distintos lugares do municipio.
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas dos nenos.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade e respecto.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e do grupo nas actitudes e actividades diarias.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.
- Promover a integración dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, atendendo ás súas necesidades e características especiais.





## Concello de Outes

### IV PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A metodoloxía que se segue ten os seus principios nos postulados da Escola Nova e que procura que o neno sexa o centro de aprendizaxe e o mestre un guía do mesmo.

- Os aprendizaxes serán significativos tal e como propón Ausubel.
- Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado tal e como propuxo Piaget.
- Empregarase o xogo como principal ferramenta tal e como propuxo Froebel.
- Contarase cun ambiente acolledor e seguro tal e como propuxo Montesori.
- Primará a motivación do alumnado tal e como propuxo Cesar Bona.
- Fomentarese o traballo colaborativo tal e como defende Pere Pujolás.
- Terase en conta os aprendizaxes que o/a neno/a é capaz de facer por si mesmo tal e como propuxo Vigostky.

As orientacións metodolóxicas para este primeiro ciclo da educación infantil están recollidas no anexo I do Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que como centro que acolle a nenos e nenas de 0 a 3 anos debemos guiarnos polas mesmas e son as seguintes:

- ⌚ Ambiente de aprendizaxe: como ben sabemos os nenos desenvólvense en base á relación co contorno, polo que a organización dos espazos vai ser un aspecto imprescindible para acadar un desenvolvemento integral do neno ou nena. Neste caso trátase dun espazo que conta cando mínimo con 2 metros cadrados por usuario/a, tal e como establece a lei, adaptado ás condicións de seguridade esixidas, e sendo o mesmo cálido, seguro e adaptado ás súas necesidades. A aula a súa vez está dividida en recunchos, e en cada un deles lévase a cabo unha serie de actividades específicas. Destacar o recuncho de gateo,





## Concello de Outes

pensado para os máis bebés, o recuncho da asemblea pensado para actividades en grupo tales como a lectura de contos, cancións, o panel das asistencias, o análise do tempo meteorolóxico, a posta en común de ideas e acontecementos... e o recuncho das mesas empregado principalmente para a hora das merendas e as actividades dirixidas nas que se precise que os nenos estean sentados.

Os tempos deben ser o más flexibles posibles adaptándose ás necesidades individuais de cada un dos usuarios e usuarias. A pesar de que se fala da importancia dunha flexibilidade a estas idades son de gran axuda o establecemento dunha serie de rutinas que lle sirvan a eles para anticiparse aos acontecementos. Así, no centro contamos coas seguinte rutinas:

- Xogo libre
- Momento de beber
- Lavado de mans antes das merendas e merendas
- Conto/cancións
- Actividades dirixidas
- Patio/xogo libre
- Momento de beber
- Momento da hixiene persoal: cambio de cueiros e de ir ao aseo

Debido a que se trata de grupos moi heteroxéneos dependendo das actividades a realizar poden dividirse en dous subgrupos, por tramos de idade, encargándose unha educadora de cada un dos subgrupos. Noutras ocasións organizaranse actividades en gran grupo aproveitando precisamente esta diferenza de idade como motivación ou exemplo para os máis pequenos. O feito de compartir o espazo con nenos/as que xa teñen superadas determinadas etapas evolutivas fai que se facilite a aprendizaxe por imitación.





## Concello de Outes

- ➲ Relación co contorno: familia e escola deben traballar conxuntamente, pois o obxectivo que se procura vai ser o mesmo: o desenvolvemento integral da crianza. Dende o P.A.I. fomentarase a colaboración das familias co centro e coas actividades que se levan a cabo no mesmo. Así é de gran importancia o intercambio de información entre ambos axentes, sendo neste caso diaria e podendo solicitarse titorías individuais cando se vexa convenientes.
- ➲ Persoal da escola infantil: todo o persoal da escola traballará de forma coordinada e para iso son precisas unha serie de reunións anuais para poñer en común certos aspectos, así como para avaliar o alumnado e o propio funcionamento do PAI. Para un traballo máis dinámico cada unha das persoas contratadas no PAI ten asignadas unhas funcións.
- ➲ Desenvolvemento das potencialidades: a actividade educativa debe planificarse para ser realizada na zona que se sitúa entre o que o neno/a xa é capaz de facelo só e aquilo que pode realizar con axuda, definida por Vigostky como a zona de desenvolvemento próximo. Así tal e como afirma Ausubel, debemos ter en conta os coñecementos previos das crianças, para que se poidan interrelacionar novos conceptos cos que xa están acadados, buscando unha aprendizaxe significativa.
- ➲ Carácter globalizado da aprendizaxe: a estas idades non existe unha segmentación de materias, pois tal e como definiu Decroly, as actividades buscan traballar unha serie de contidos, más de forma extrínseca se están a traballar outros contidos. Así tamén se especifica que toda situación da vida cotiá debe ser aproveitada. As rutinas de sono, da comida, de hixiene propia e do entorno, etc. teñen en este ciclo una función claramente educativa, pois ofrécelles aos nenos/as un marco seguro de desenvolvemento e favorecen gran cantidade de aprendizaxes e a consecución da autonomía.





## Concello de Outes

- ⌚ Individualización do traballo educativo: cada neno/a segue un ritmo de desenvolvemento propio, de aí a importancia dunha ensinanza individualizada, pois cada usuario terá un ritmo, uns intereses propios...


O persoal educativo da escola infantil ten que ofrecerlle a cada usuario/a o que precisa para que, por medio de esta individualización da intervención, se consiga unha auténtica igualdade oportunidades.

Así as propostas deben estar elaboradas en base aos seus intereses, serán útiles para a vida cotiá, o que dará lugar a unha maior motivación e, polo tanto, a mellores logros.

- ⌚ Interacción coas demais persoas: un dos ámbitos de desenvolvemento a destacar a estas idades é o desenvolvemento social e afectivo. O neno ou nena establece as súas primeiras relacións no fogar, coas persoas coas que convive e entende que hai unha serie de normas para cumplir e uns patróns de comportamento. Por outra banda a escola, entendido como o segundo axente de socialización, é un lugar idóneo para fomentar as interaccións entre os iguais, así como co persoal educativo.

A nena ou neno debe sentirse seguro e arrougado en todo momento pola persoa adulta, a cal lle vai servir para satisfacer as súas necesidades.

- ⌚ Avaliación: o proceso de avaliação servirá para analizar os avances no desenvolvemento dos nenos e nenas. Para iso as principais ferramentas a empregar para este proceso de avaliação será a observación directa e sistemática do día a día na aula, que nos permitirá levar a cabo un análise continuo e individualizado de cada un dos usuarios e usuarias. Dita información poñerase en mans dos pais nais ou titores/as.





## Concello de Outes

O proceso de avaliación, ademais do anteriormente citado, tamén deberá avaliar a propia práctica educativa, os tempos, rutinas empregas, materiais... tendo en conta posibles cambios en futuras propostas.

### V ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender a diversidade significa partir das diferenzas do grupo clase e saber aproveitalas para o crecemento individual e colectivo do alumnado, polo tanto podemos definir a diversidade como as medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar as propostas educativas as diferentes características do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de cada unha das alumnas e alumnos e guiándose polos principios de inclusión e normalización. Polo tanto educar na diversidade supón pensar nunha escola de todos e para todos tal e como afirmaba Tolstoi.

Na atención daquel alumnado con NEAE poden establecerse diferentes vías de apoio dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, poñendo énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por:

- Necesidades educativas especiais
- Dificultades específicas da aprendizaxe.
- Polas súas altas capacidades intelectuais
- Por incorporarse tardeamente ao sistema educativo
- Por condicións persoais ou de historia familiar
- Trastorno de déficit de atención e hiperactividade

Implementaranse atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves da conduta, e medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso do alumno/a, dentro dos principios de inclusión e normalidade.





## Concello de Outes

Existirá unha estreita colaboración entre o equipo do P.A.I., en coordinación co Equipo de Atención Educativa e os Equipos de Atención Temprá da administración sanitaria, así como nos casos de posible flexibilización cos Equipos de Orientación Específica da Consellería competente en materia de educación.

### • ACTIVIDADES

A **programación** de aula constitúe o terceiro nivel de concreción curricular e nela especificanse as prioridades, principios e criterios recollidos no proxecto educativo, así como os criterios para a selección, secuenciación e organización dos contidos e orientacións metodolóxicas expresadas na concreción curricular (2º nivel de concreción curricular).

Pódese definir a programación como o conxunto de accións mediante as cales se transforman as intencións educativas más xerais en propostas didácticas más concretas.

A necesidade de programar é evidente, xa que facilita a organización da clase, evita a improvisación e a rutina, permite un control continuo introducindo as melloras oportunas, ten en conta a realidade do alumnado e do medio e consegue unha ensinanza más estruturada, organizada, coherente e, polo tanto de maior calidade.

Será nesta programación recollida noutro documento (programación xeral anual) onde se atopen desañadas todas as actividades formuladas para cada curso escolar, atendendo a mesma aos obxectivos e metodoloxía exposta con anterioridade.

Cada mes traballarase un centro de interese concreto, tendo en conta os intereses e motivacións do propio alumnado. Todo centro de interese partirá dun conto, sendo o mesmo o punto de partida para adentrar nos contidos correspondentes e xirando todas as actividades propostas en base a el.





Concello de Outes

## Concello de Outes

Ademais, paralelamente poderanse levar a cabo outro tipo de actividades tales como:

- Actividades deseñadas para traballar nos festexos populares: Samaín, Nadal, Entroido, etc.
- Actividades deseñadas para traballar as conmemoracións: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, Día Escolar da Non Violencia e a Paz, Día Internacional da Muller, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente...
- Talleres: taller de cociña, taller de experimentación, taller de reciclaxe...

Concello de Outes

